



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

BASES CONCURSO DE ENTROIDO 2017

PRIMEIRA –

É obxecto deste concurso estimular a participación cidadá na festa do Entroido, unha data representativa da nosa cultura e cun grande arraigo no pobo, polo que a súa conservación e recuperación significa tamén a conservación da nosa identidade cultural.

SEGUNDA –

Poderán participar todas aquelas persoas, sen límite de idade, que se presenten da forma que segue:

- Desde o luns 13 de febreiro até o luns 27 de febreiro en horario de 09.00 h – 15.00 h no teléfono 981 605 001
- ou ben o martes 28 de febreiro na Casa do Concello entre as 16.00 e as 17.00 horas.

TERCEIRA –

Establécense os seguintes premios que se repartirán nas seguintes categorías:

•Categoría INDIVIDUAL

INDIVIDUAL INFANTIL (ata 12 anos) E INDIVIDUAL ADULTOS (máis de 12 anos)

1º PREMIO: 60€ 2º PREMIO: 50€ 3º PREMIO: 40€

•Categoría PARELLAS

PARELLAS INFANTIL (ata 12 anos) E PARELLAS ADULTOS (máis de 12 anos)

1º PREMIO: 70€ 2º PREMIO: 60€ 3º PREMIO: 50€

•Categoría por GRUPOS (de 3 a 8 compoñentes)

1º PREMIO: 200€ 2º PREMIO: 150€ 3º PREMIO: 100€

•Categoría por COMPARSAS (máis de 8 compoñentes)

*Posta en escea: 1º PREMIO 250€ 2º PREMIO 200€ 3º PREMIO 150€

*Deseño de vestimenta: 1º PREMIO 250€ 2º PREMIO 200€ 3º PREMIO 150€



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

A mesma comparsa poderá obter premios nas dúas modalidades.

CUARTA –

Concederáselle un accésit de 75€ a todos os participantes **non premiados** na categoría de COMPARSAS. Concederanse un máximo de 10 accésits, que se adxudicarán por orde de inscrición.

Se o xurado considera que algunha das comparsas non reúne as condicións mínimas de calidade poderá decidir non outorgarlle a correspondente subvención.

QUINTA –

Valorarase o traballo, o esforzo e a orixinalidade dos disfraces. A temática a empregar é libre. No caso da categoría por comparsas terá especial consideración a presenza de carroza ou non á hora do fallo do xurado.

SEXTA –

O xurado estará composto por membros do Concello da Laracha ou persoas en quen delegue. A puntuación establecerase no intervalo de 0 a 10 puntos. As deliberacións do xurado serán secretas e inapelables en calquera caso.

SÉTIMA.– Os premios entregaranse no lugar do concurso unha vez rematada a deliberación do xurado.

OITAVA.– A participación neste concurso supón a plena aceptación das presentes bases”.

O Alcalde



José Manuel López Varela

A Laracha, 06 de febreiro de 2017.